



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**



A POBOACIÓN DE GALICIA SEGUNDO O CENSO 2021 (22.03.2023)



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

ÍNDICE

1. **INTRODUCCIÓN**
2. **METODOLOXÍA**
3. **DATOS XERAIS**
4. **EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN**
5. **POBOACIÓN POR IDADE**
6. **POBOACIÓN de MOZOS/AS**
7. **POBOACIÓN POR CONCELLOS**
8. **POBOACIÓN POLA RESIDENCIA**
9. **RESUMO E CONCLUSIÓNS**



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**

INTRODUCCIÓN

Este informe fai unha **análise dos principais datos de poboación en Galicia do Censo de Poboación e Vivendas 2021 recentemente publicado**, para coñecer a situación demográfica da comunidade segundo os datos do Censo e como esta pode **influír na situación da vivenda** na nosa comunidade.

O documento presenta os resultados xerais de Galicia e provincias en canto a evolución da poboación e peso de certos grupos de idade ademais de facer unha comparación coa situación de España

No documento preséntanse principalmente os datos na súa maioría en forma de **gráfico** para unha mellor visualización dos resultados.



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**

METODOLOXÍA

Este informe basease principalmente na recollida e análise directa dos datos de poboación adiantados polo **Instituto Nacional de Estatística**, referentes ao **Censo de Poboación e Vivendas**. Os datos corresponden ao ano 2021.

O **procedemento** seguido na elaboración do documento foi:


- Recollida dos datos publicados no **Censo de Poboación e Vivendas** correspondentes ao 2021. Tamén utilizáronse os datos dos censos anteriores presentes no **Instituto Galego de Estatística**
- Procesamento dos datos e elaboración de gráficas e táboas para o seu estudo en España, Galicia, provincias, principais cidades e concellos.
- Análise dos datos e redacción das conclusións.



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**

DATOS XERAIS DA POBOACIÓN

Evolución da poboación do censo en Galicia e España




Variación Poboación 2011-2021

Galicia: - 2,7%
España: + 1,3%

- Nos últimos 40 anos a evolución da poboación en Galicia é decrecente perdendo case 200.000 persoas, das cales preto de 100.000 foron nos últimos dez anos (2011-2021)
- A poboación en España medrou notablemente dende 1981, case dez millóns de persoas máis, aínda que o crecemento mostrado entre 2011 e 2021 é o menor da serie histórica (roza o millón de persoas despois do gran aumento entre 2001 e 2011).

Evolución da poboación nas provincias (1981-2021)



Variación por provincia (2011-2021)


Pontevedra: - 1%
A Coruña: -1,8 %
Lugo: - 6,3%
Ourense: -7,1%

Variación por provincia (2001-2021)

Pontevedra: 4,7%
A Coruña: 2,2 %
Lugo: - 8,8%
Ourense: -9,8%

- Nos últimos corenta anos as provincias Ourense e Lugo reduciron poboación (-9,8% e -8,8%) mentres que Pontevedra e A Coruña e sufriron un aumento de poboación (4,4% e 2,2%)
- Nos últimos dez anos a redución de poboación é xeral nas catro provincias destacando as caídas de Lugo e Ourense por riba ambas do 6%.
- Pontevedra e A Coruña reúnen o 77% do total dos habitantes de Galicia

Evolución da poboación nas cidades (2001-2021)




Variación nas cidades (2011-2021)

Santiago: + 2,5%
Pontevedra: +1,1%
A Coruña: + 0,2%
Vigo: - 0,3%
Lugo: - 0,5%
Ourense: - 2,6%
Ferrol: -9,4%

- Ferrol é a cidade galega onde máis se perdeu poboación nos últimos anos, un 17% en comparación ao 2001 e máis do 9% dende 2011 (6.000 habitantes menos dende 2011).
- Nas cidades máis poboadas (Vigo e A Coruña) apenas existe variación entre os censos de 2011 e 2021 mentres que Santiago amosou a subida máis importante nas cidades galegas (+2,5%).

Poboación total por comunidade autónoma



Comunidade	Variación 2011-2021
Balares	7,5%
Madrid	4,8%
Canarias	4,6%
Murcia	3,8%
Navarra	3,4%
Cataluña	3,1%
Andalucía	1,4%
País Vasco	1,3%
Comunidade Valenciana	1,0%
A Rioxa	-0,5%
Aragón	-0,9%
Cantabria	-1,3%
Castela A Mancha	-2,6%
Galicia	-2,7%
Extremadura	-3,9%
Asturias	-5,9%
Castela e León	-6,1%


- A pesar do decrecemento da poboación en Galicia (un 2,7% en comparación a 2011) é a quinta comunidade con maior número de persoas, aínda que lonxe das 4 primeiras (Andalucía, Cataluña, Madrid e Comunidade Valenciana).
- Galicia ten o 5,6% do total da poboación de España.
- O 49% da poboación do estado vive en catro comunidades autónomas: Andalucía, Cataluña, Madrid e Comunidade Valenciana.
- Galicia é unha das comunidades onde a caída da poboación, con respecto a 2011 é máis alta (a 4ª)
- A maioría das 10 comunidades máis poboadas medran en habitantes mentres que e Galicia e Castela e León (5ª e 6ª) teñen caídas pronunciadas



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**

POBOACIÓN SEGUNDO A IDADE EN GALICIA

Evolución da idade media en Galicia e España (2011-2021)




**Idade Media
(2021)**

Galicia: 47,2 anos
España: 43,3 anos


- A idade media da poboación de Galicia é de 47,2 anos, case 4 anos maior que a de España (43,3 anos)
- Nos últimos 10 anos a idade media da poboación aumentou de maneira similar en Galicia e España, algo menos de 2 anos de media.

Evolución da idade media nas provincias (2011-2021)




- Pontevedra e A Coruña son as provincias con menor idade media (45,7 e 46,9 anos respectivamente)
- Ourense e Lugo teñen a poboación cunha media de idade máis alta de Galicia, superando xa os 50 anos na primeira.
- A provincia de Pontevedra foi a que experimentou o crecemento máis alto: aumentou 2,4 anos.

Poboación segundo grupo de idade Galicia e España



- A Poboación moza (15-34 anos) apenas supera o 17% do total en Galicia fronte ao 22% do total de España.
- En Galicia máis do 25% da poboación (25,7%) é maior de 65 anos, un 6% máis que no total de España.
- Tanto en Galicia como en España case a metade da poboación compréndese no rango de idade de entre 34 e 64 anos

Poboación segundo grupo de idade por provincias




- Todas as provincias teñen un peso similar nos tramos de idade da mocidade (15-34 anos)
- As provincias de Ourense e Lugo son as que contan có maior porcentaxe de poboación por riba dos 64 anos (32 % e 30 %) en comparación a Pontevedra e A Coruña que teñen menor porcentaxe poboación (23% e 25%)



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**

POBOACIÓN DE MOZOS/AS

Evolución da mocidade en Galicia e España (2011-2021)




Variación da poboación moza
(2011 - 2021)

Galicia: -4,8 %
España: -3,7 %

- Nos últimos dez anos, a porcentaxe de poboación moza (15-34 anos) reduciuse de xeito importante tanto en Galicia como en España (-4,8 % e -3,7 %)
- A poboación moza en Galicia é un 3,6% menor que en España (17,8 % fronte 21,4%).

Evolución da mocidade en Galicia por provincia (2011-2021)



Variación da poboación moza (2011 - 2021)

A Coruña: -5,0 %
Lugo: -4,5 %
Ourense: -4,2 %
Pontevedra: -4,1 %


- A provincia de A Coruña é onde máis se reduciu (un 5%) o peso da poboación moza (5-34 anos); mentras que en Pontevedra é onde menos se reduciu (-4,1%)
- No resto de provincias a redución foi lixeiramente menor: Lugo (-4,5%), Ourense (-4,2%).



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**


POBOACIÓN POR CONCELLOS

Poboación por tamaño do concello en Galicia e España



- En Galicia o peso das cidades máis grandes (>50.000 hab.) é un 16 % menor que en España (36,6% fronte 52,8%). En consecuencia as poboacións máis pequenas (<20.000 hab) teñen unha porcentaxe de poboación maior.

Poboación de Galicia segundo o tamaño do concello nas provincias




- A poboación das provincias de Pontevedra e A Coruña residen en concellos máis “urbanos/de maior tamaño” que as de Lugo e Ourense. Así, as provincias de Pontevedra e A Coruña teñen un maior porcentaxe de poboación nos concellos maiores de 20.000 habitantes (Pontevedra: 60,5%, A Coruña: 59,2%) que as provincias de Lugo e Ourense (Lugo: 30% e Ourense: 34,3%).
- As provincias de Lugo e Ourense non teñen concellos de 20.000 - 50.000 habitantes



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**

POBOACIÓN POR LUGAR DE RESIDENCIA

Poboación segundo o seu lugar de residencia en 2011 e 2021 en Galicia e España




**Personas que permanecen
na mesma comunidade**

Galicia: 86,6%
España: 81,1%

- Entre 2011 e 2021 a poboación de Galicia “moveuse menos” que a de España. Así, en Galicia permaneceron coa residencia dentro da mesma comunidade o 86,6% da poboación fronte o 81,1% de España.
- En Galicia cambiaron de comunidade ou foron ao estranxeiro o 6,3% mentres que en España foi o 10%.

Poboación segundo o seu lugar de residencia en 2011 e 2021 por provincias



Persoas permanecen
no municipio por
provincia

Pontevedra: 85,0%
Lugo: 83,9%
Ourense: 83,3%
A Coruña: 80,6%

- Entre 2011 e 2021, a poboación que menos “se moveu” foi a de Pontevedra (o 85% non cambiou de provincia) mentres que a que máis se moveu foi A Coruña (o 80% permaneceu na provincia). En Lugo e Ourense permaneceron un porcentaxe de poboación intermedio (83,9% e 83,3% respectivamente).



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**

RESUMO E CONCLUSIÓN

Datos Xerais

- Nos últimos anos Galicia perdeu poboación: 100.000 persoas (-2,7%) nos últimos 10 anos, e 200.000 nos últimos 40 anos. España en cambio medrou un +1,3% nos últimos 10 anos. Galicia é a cuarta comunidade autónoma por perda de poboación.
- Nos últimos 10 anos todas as provincias reduciron a súa poboación. Entre as cidades, Santiago presenta o maior crecemento (2,5%), e Ferrol tivo a maior perda (-9,5%).

Idade media

- A idade media en Galicia é de 47,2 anos (4 máis que España). Nos últimos 10 anos aumentou algo menos de 2 anos.

Poboación moza

- Nos últimos dez anos, o peso da poboación moza reduciuse de xeito importante tanto en Galicia como en España (-4,8 % e -3,7 %). En Galicia poboación moza é un 3,6% menor que en España.

Concellos


- Galicia é menos “urbana” que España, pois o peso das “cidades” (> 20.000hab.) é un 16 % menor que España (36,6% fronte 52,8%).

Lugar de residencia

Os galegos “móvense” menos de residencia que en España, pois permaneceron na súa comunidade o 86,6% (o 81,1% en España)



**Observatorio da
Vivenda de Galicia**



www.observatoriodavivenda.gal
observatoriodavivenda@xunta.gal



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO